

CONCELLO
DE VIGO



Concellería de Seguridade,
Contratación, Festas e
Xestión Municipal

Área de RRHH e Formación

Asunto: Rectificación de erros da resolución de aprobación de lista de admitidos e excluídos referida exclusivamente ao proceso de subalterno/a quenda diversidade intelectual.

Expediente administrativo: 46469/220

Obxecto: Oferta de Emprego Público 2020, 2021, 2022 (2ª fase)

INFORME PROPOSTA

ANTECEDENTES

I.- Por resolución da concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 25/09/2025, resolveuse aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as dos procesos selectivos convocados na 2ª fase das Ofertas públicas de emprego 2020-2021-2022 do Concello de Vigo (excepto o proceso de auxiliar de administración xeral quenda libre e quenda libre diversidade funcional).

Por resolución da mesma concelleira de data 28/10/2025 resolvéronse os recursos de reposición contra a aprobación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2020-2021-2022 (2ª fase) (excepto o proceso de Auxiliar de administración xeral, quenda libre e quenda libre diversidade funcional)

III.- En data 12/01/2026, a secretaria do órgano de selección do proceso de subalterno/a, remite á Área de Recursos Humanos e Formación unha solicitude con respecto á quenda de diversidade funcional do citado proceso, na que se recolle, entre outras, a seguinte apreciación:

*"(...) Aspirante con DNI ***6001**: o informe de compatibilidade que figura no expediente está caducado dende o 15 de outubro de 2023.*

Tras a verificación realizada aos efectos en dilixencia de data 13/01/2026, resulta que nos listados provisionais das persoas admitidas e excluídas da 2ª fase da OEP 2020-2021-2022, a aspirante con DNI ***6001**, saíu excluída provisionalmente no proceso de subalterno de diversidade funcional por falta dos certificados de discapacidade e compatibilidade (acordo Xunta de Goberno Local de data 08/08/2025) .

No período concedido de emenda non subsanou a solicitude dado que o certificado de compatibilidade presentado tiña data de caducidade de 15/10/2023 pero aínda así, por erro, aparece como admitida no listado definitivo da resolución de data 25/09/2025 (a pesar de que xa aparecía excluída no listado provisional por esta causa).

Procede pois a súa rectificación conforme ao artigo 109.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

III.- COMPETENCIA

É competente a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025) e delegación expresa da mesma Xunta de Goberno Local por acordo de data 04/08/2025.

Polo exposto, propónse ao órgano competente proposta do seguinte;



Copia do documento - Concello de Vigo

260008866

Data impresión: 15/01/2026 09:16

Páxina 1 de 4

CSV: A4A3D7-D9AC4C-C8CC44-QUL4JJ-EGJH6X-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO
DE VIGO



Concellería de Seguridade,
Contratación, Festas e
Xestión Municipal

Área de RRHH e Formación

RESOLUCIÓN:

“**Primeiro.**.- Rectificar o erro detectado no listado definitivo de persoas admitidas e excluídas do proceso de SUBALTERNO/A, persoal funcionario de carreira, grupo E (AP) na quenda de diversidade funcional 2020-2021-2022, aprobado por resolución da concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 25/09/2025, e resolución de recursos de data 28/10/2025, referida exclusivamente ao listado de persoas admitidas no citado proceso, quedando trala rectificación oportuna, a seguinte listaxe de admitidos e excluídos con carácter definitivo:

-SUBALTERNO/A QUENDA DIVERSIDADE INTELECTUAL.

APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
BRITEZ AQUINO	A. B.	***2775**	EXCLUÍDA/O (7)(8)(*)
CAMPO PARIS	E. M.	***5355**	ADMITIDA/O
CASAS GUERRERO	S.	***7876**	ADMITIDA/O
DACUÑA CARNEIRO	B.	***9486**	EXCLUÍDA/O (7)(8)(*)
DOMÍNGUEZ DE SAA	A.	***0593**	EXCLUÍDA/O (8)(*)
DOS SANTOS GAMALLO	A. M.	***1028**	EXCLUÍDA/O (8)
FERNANDEZ POUSA	S.	***1626**	EXCLUÍDA/O (8)(*)
GOMEZ IGLESIAS	V.	***7819**	EXCLUÍDA/O (8)(*)
GONZALEZ COLLAZO	A.	***8602**	ADMITIDA/O
PAZO PEREIRA	M.	***9059**	EXCLUÍDA/O (8)(*)
PEIXOTO GONZALEZ	M.	***9284**	EXCLUÍDA/O (8)(*)
RIVEROL LORENZO	E.	***3565**	EXCLUÍDA/O (8)(*)
RODRIGUEZ SANCHEZ	J. D.	***7593**	ADMITIDA/O
RODRIGUEZ ZLOBINA	O.	***6001**	EXCLUÍDA/O (8)
SALGUEIRO PAZ	M.	***1307**	EXCLUÍDA/O (8)
SANTOS SOUTO	Z.	***8437**	EXCLUÍDA/O (8)(*)
VALCARCEL MARTINEZ	I.	***8782**	ADMITIDA/O
VALVERDE MÉNDEZ	D.	***7641**	EXCLUÍDA/O (7)(8)(*)
VEIRA DIAZ	I.	***2031**	ADMITIDA/O (*)

CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS

- (1) Por non asinar validamente a súa solicitude de admisión ás correspondentes probas selectivas.
- (2) Por non acreditar a representación da persoa interesada de conformidade co artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- (3) Por non acreditar a súa identidade mediante copia simple do DNI/NIE con plena vixencia ou non autorizar expresamente a consulta automática dos datos do DNI/NIE.
- (4) Por non presentar/asinar a declaración responsable nos termos establecidos na base xeral cuarta da convocatoria.
- (5) Por non presentar o xustificante do pagamento dos dereitos de exame ou non acreditar o pago da taxa por dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes.
- (6) Por non ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto do Empregado Público (TREBEP).
- (7) Por non acreditar o grao de discapacidade mediante certificado expedido ao efecto polos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou, de ser o caso, da Comunidade Autónoma.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/01/2026 09:16

Páxina 2 de 4

260008866

CSV: A4A3D7-D9AC4C-C8CC44-QL4JJ-EGJH6X-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO
DE VIGO



Concellería de Seguridade,
Contratación, Festas e
Xestión Municipal

Área de RRHH e Formación

(8) Por non acreditar a compatibilidade do grao de discapacidade co posto de traballo ao que se solicita concorrer mediante certificado expedido para o efecto polos órganos competentes.

(9) Por non ser persoal municipal deste Concello, atoparse en situación administrativa de suspensión firme, ou non contar cunha antigüidade de cando menos 2 anos no corpo ou escala á que pertencen na data de presentación da solicitude.

(10) Por non presentar a súa solicitude por medios electrónicos tendo a condición de suxeitos obrigados a relacionarse coa administración por medios electrónicos, nos termos das previsións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e da vixente Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo.

(11) Por non presentar en prazo a solicitude (20 días naturais a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOE).

(*) Non achega copia simple do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada proceso de selección indicado nas bases específicas, necesario para a exención da proba de galego.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non presupón que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/as aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas (base xeral sexta).

Segundo.- Notificar ao interesado a presente resolución, ao respectivo órgano de selección e proceder a súa publicación na web municipal para público coñecemento , indicando que contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O técnico de administración xeral.- Marcos Viturro Gómez

CONFORME.- A xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez.

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024)-. María Olga Alonso Suárez

DECRETO: vista a proposta realizada, **RESOLVO** de conformidade coa mesma

A concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (Resolución de Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025). Patricia Rodríguez Calviño.

DOU FE, a secretaria



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/01/2026 09:16

Páxina 3 de 4

260008866

CSV: A4A3D7-D9AC4C-C8CC44-QUL4JJ-EGJH6X-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO
DE VIGO



Concellería de Seguridade,
Contratación, Festas e
Xestión Municipal

Área de RRHH e Formación



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/01/2026 09:16

Páxina 4 de 4

260008866

CSV: A4A3D7-D9AC4C-C8CC44-QUL4JJ-EGJH6X-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>